

ORDENANZA NÚM. 26

REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE VILALBA.

Título I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.

O Concello de Vilalba, en exercicio das potestades regulamentarias e da autoorganización que lle conceden os **artigos 4.1 a), 5 a) e 20 c), da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local**, así como o **artigo 4.1 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais** establece por este regulamento a organización dos seus órganos básicos e complementarios.

Artigo 2.

A organización e o funcionamento do Concello axústase á orde xerárquica de normas que se establecen no **artigo 5 da Lei de bases local** e ás leis do seu desenvolvemento en canto á normativa básica, nos termos do **artigo 149.1.18 da Constitución**.

Artigo 3.

1- O Concello de Vilalba, que se constituíu na forma que se prevé no **artigo 195 da Lei orgánica do réxime electoral**, quedará integrado por 17 concelleiros, segundo o baremo que se establece no **artigo 179** da referida lei.

2- Toda variación no número de residentes do termo municipal que se produza con posterioridade a unhas eleccións locais, e que incida no número de concelleiros, só surtirá efecto nas eleccións seguintes a tal alteración, agás que a lexislación básica dispoña o contrario.

Título II. GRUPOS MUNICIPAIS.

Artigo 4.

1. Os concelleiros, nun número non inferior a 3 poderán constituírse en Grupo municipal. Sen embargo, se mentres dure o mandado diminuíse o número de concelleiros dun grupo este manterase, sempre que o seu número non sexa inferior a 2.

2. Todo concelleiro deberá estar adscrito a un Grupo municipal e ningún poderá formar parte de máis dun grupo.

3. En ningún caso poderán constituír Grupo municipal separado, os concelleiros que pertencen á mesma lista electoral.

4. Os concelleiros que non quedasen integrados no Grupo municipal, constituirán o Grupo Mixto, o cal, por excepción, poderá constituírse con menos de 3 concelleiros.

5. Tamén quedarán automaticamente incorporados ao Grupo mixto os concelleiros que por calquera causa deixen de pertencer ao grupo ao que foron incorporados, agás que no prazo de 5 días decidan facelo a outro distinto do grupo de procedencia e a súa proposta sexa aceptada polo novo grupo e comunicada á alcaldía para que a coñeza o Pleno.

Artigo 5.

Os Grupos municipais constituíranse por escrito, e este, dirixido ao alcalde e subscrito por todos os seus integrantes, presentarase na secretaría dentro dos 5 días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do seu portavoz.

Artigo 6.

Os concelleiros que adquiren a súa condición despois da sesión constitutiva da Corporación, deberán incorporarse ao Grupo municipal formado pola lista na que foron elixidos. No suposto de que esta non alcance un número suficiente para formar grupo propio, pasarán a integrarse no Grupo mixto.

Artigo 7.

Os Grupos municipais teñen dereito ao uso das salas ou locais da Corporación para reunións ou sesións de traballo.

A utilización das citadas salas ou locais, polo que respecta a días, horario, atención persoal e medios materiais, serán autorizados, en todo caso, polo alcalde.

Non se permitirá este tipo de reunións coincidindo coas sesións do Pleno ou da Xunta de Goberno Local.

A solicitude para a utilización dos referidos locais polos Grupos municipais terase que presentar por escrito ante a alcaldía, cunha antelación mínima de 48h, indicando a finalidade para a que é requirido o uso daqueles.

Título III. Do Pleno.

Artigo 8.

O Pleno, integrado por todos os concelleiros baixo a presidencia do alcalde, asumirá as competencias sinaladas no **artigo 50 do Regulamento da organización e funcionamento das corporacións locais, do 28/11/1986.**

Artigo 9.

O Pleno celebrará a sesión ordinaria coa periodicidade que sinale o propio Pleno na sesión seguinte á constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite trimestral a que se refire o **artigo 46.2a) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local**.

Na mesma sesión fixaranse os días nos que terá lugar a dita sesión. Non obstante, o alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces, poderá, por causa xustificada, convocalo para un día distinto ao fixado.

Artigo 10.

1. O Pleno celebrará a sesión extraordinaria cando así o dispoña o alcalde ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación.
2. A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia dos membros da Corporación, deberá facerse dentro dos 4 días seguintes á petición e celebrarse dentro do prazo de 1 mes a partir da data en que se solicitara.
3. Nas sesións extraordinarias non poderán ser debatidos asuntos que non figuren expresamente incluídos na orde do día.

Artigo 11.

1. A convocatoria das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias, que non teñan carácter de urxencia, xunto coa orde do día, remitirase aos concelleiros cunha antelación mínima de 2 días hábiles.
2. Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo alcalde, cando a urxencia do asunto impida a súa convocatoria cunha antelación mínima de 2 días hábiles. Nelas incluírase como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

Artigo 12.

Segundo o **artigo 46 da Lei de bases** e o **artigo 90 do Regulamento de organización**, precisarase a asistencia de 1/3 do número legal de concelleiros para que o Pleno poida constituírse validamente. O citado quorum haberá de conservarse mentres dure a sesión. A presenza do alcalde e do secretario, ou das persoas que legalmente os substitúan, é obrigada para que a sesión poida celebrarse validamente.

Artigo 13.

1. As sesións do Pleno serán públicas, non obstante, o alcalde, por propia iniciativa ou a petición de calquera membro da Corporación, poderá someter ao Pleno a suspensión do carácter público do debate e a votación, que deberá acordarse por maioría absoluta e sen debate, cando se trate de asuntos que

poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o **artigo 18.1 da Constitución**.

2. As sesións do Concello Pleno celebraranse no salón de sesións da Casa Consistorial, salvo razóns de forza maior.

Artigo 14.

O alcalde, como presidente da Corporación, convoca e preside as sesións do Concello, sen que estas facultades sexan en ningún caso delegables.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do alcalde, será substituído polos tenentes de alcalde, segundo a orde de prelación dos seus nomeamentos.

Artigo 15.

Os grupos municipais intervirán nas sesións plenarias a través do portavoz que cada un deles designe.

Naqueles casos en que un determinado asunto requira coñecementos específicos, o portavoz poderá delegar a súa intervención no concelleiro que considere máis idóneo para o exame, discusión e debate do asunto concreto de que se trate.

Artigo 16.

Sen prexuízo das causas de incompatibilidade para o exercicio das súas funcións establecidas por lei, os membros da Corporación non poderán participar na deliberación, votación e decisión daqueles asuntos nos que concorran algunha das causas ás que se refire a lexislación do Estado sobre o procedemento administrativo e os contratos das Administracións públicas, por razón do suposto interese do que puideran resultar afectados.

Artigo 17.

1- Unha vez aberta a sesión plenaria, o presidente preguntará se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior, distribuída coa convocatoria, se non houberse observacións considerarase aprobada. Se as houberse debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan.

2- En ningún caso poderá ser obxecto de modificación o fondo dos acordos adoptados, cabendo, polo tanto, tan só, a subscripción dos erros materiais que se advirtan.

3- Todos os asuntos debateranse e votaranse pola orde en que estivesen relacionados na orden do día. Non obstante, o alcalde ou o presidente poden alterar a súa orde e retirar algún asunto cando a súa aprobación esixa unha maioría especial e esta non se puidese obter no momento previsto inicialmente na orde do día.

4-Despois da lectura polo secretario de cada un dos puntos que se inclúen na orde do día e do informe da correspondente comisión, se ningún dos asistentes pedise a palabra quedarán aprobados por unanimidade.

Artigo 18.

1-No caso de que calquera concelleiro considere que os antecedentes e os informes relacionados con algún asunto dos incluídos na orde do día son incompletos ou insuficientes, poderá solicitar que se retire o expediente ata que se incorpore a documentación que sinala como oportuna. A conveniencia ou non da retirada do expediente será obxecto de votación, que requirirá, en calquera caso, a maioría absoluta dos membros da Corporación.

2-No mesmo senso calquera concelleiro poderá solicitar que algún asunto determinado, que se inclúe na orde do día da sesión correspondente quede sobre a mesa, para o seu posterior debate na sesión seguinte, co obxecto de que se poida examinar con máis detemento.

Non obstante, se o alcalde, considerase que o tema ou o asunto a tratar non admite dilación poderá declaralo de urxencia e debatelo, polo tanto, na sesión.

Artigo 19.

Os concelleiros terán dereito a presentar emendas aos dictames das respectivas comisións informativas, sempre que o fagan por escrito e antes de comezar a sesión.

Se se presentasen votos particulares respecto aos dictames das comisións serán discutidos previamente e, segundo o seu resultado, poderán modificarse ou retirarse pola respectiva comisión.

Artigo 20.

Os portavoces dos Grupos municipais poderán pedir a palabra aos alcalde e este concedérllela, co obxecto de que antes de entrar no debate do fondo dun asunto, se abra unha breve quenda de explicación acerca das cuestións que teñan relación co asunto a debater e que poidan servir de orientación para a decisión a adoptar mediante o voto que emitirán os correspondentes grupos.

Artigo 21.

Unha vez aberto o debate, o alcalde concederá a palabra ao portavoz de cada grupo que a pedise, quen a poderá ceder a outro ou outros membros do seu grupo por un tempo non superior a 10 minutos, calquera que sexa o número de concelleiros membros do mesmo grupo que interveñan, coa finalidade de que expoñan as alegacións que estimen pertinentes sobre o tema que se presentou.

No Grupo mixto, poderán intervir un membro por cada un dos partidos que o formen, sen que sobreparen entre todos o tempo sinalado no parágrafo anterior.

O debate iniciarase polo grupo ou grupos da oposición e contestarase polo grupo de goberno.

Artigo 22.

Os concelleiros que consumisen quenda no debate poderán volver a usar a palabra para rectificar, concisamente e por unha soa vez, os feitos ou conceptos que se atribuísen na súa intervención por parte dalgún membro do equipo de goberno ou de calquer outro grupo.

Esta quenda de rectificación, concedida polo alcalde, non excederá de 3 minutos.

Artigo 23.

Cando no desenvolvemento dos debates algún concelleiro considerase que se verteron alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a súa persoa, poderá solicitar do alcalde, e este deberá concederlla, o uso da palabra para que o aludido conteste nos termos precisos, para, sen entrar no fondo do asunto, deixar sentada a súa oposición aos conceptos utilizados polo contrario, e poder replicarlle ao autor dos conceptos que deron lugar a súa intervención.

Artigo 24.

Os concelleiros para facer uso da palabra solicitarán a venia do alcalde, unha vez obtida, non poderán ser interrompidos, salvo cando a presidencia estime que o concelleiro desvía, na súa intervención, aos fondo do asunto.

Artigo 25.

Os concelleiros poderán presentar diante do Pleno as proposicións que estimen convenientes, sempre que tivesen o consentimento do portavoz do seu grupo, e o secretario da Corporación as tramitase 3 días antes de celebrar a sesión para os efectos da súa inclusión na orde do día.

Tamén poderán formularse na sesión preguntas ou interpelacións, sempre que se anunciasen ao alcalde, por escrito, antes de comezar a sesión. Tales cuestións trataranse despois de esgotar o exame dos asuntos incluídos na orde do día. O membro da Corporación a quen se dirixa a pregunta ou interpelación poderá contestar no acto ou na sesión seguinte, se necesitase consultar datos ou información.

Artigo 26.

Non poderá adoptarse ningún acordo sobre asuntos que non estean na orde do día, salvo cando se presente unha moción e que a urxencia desta se declare por maioría absoluta do número legal

dos membros da Corporación, nese caso someterase a debate e votación.

Artigo 27.

Os acordos adoptaranse, en xeral, por maioría simple. Existe maioría sempre e cando os votos afirmativos sexan máis que os negativos.

Entenderase por maioría absoluta a metade máis 1 do número legal de membros que integran o Concello, para adoptar acordos nas materias a que se refire a **Lei 7/85 no seu artigo 47.3.**

Será esixible o voto favorable dos 2/3 do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta, para a adopción de acordos sobre as materias determinadas no **artigo 47.2 da citada Lei 7/85.**

Artigo 28.

Unha vez iniciada a votación non poderá interromperse por ningún motivo. Durante o seu desenvolvemento a presidencia non concederá o uso da palabra e ningún concelleiro poderá abandonar o seu escano, nin incorporarse a el se en principio estivese ausente.

Artigo 29.

Os acordos adoptaranse, normalmente, mediante votación ordinaria, podendo ser nominal tan só cando o Pleno así o acordase para un caso concreto.

Enténdese por votación ordinaria aquela na que se manifeste por sinos convencionais de asentimento e disentimento, como permanecer sentados os que aproben e poñerse de pé os que non aproben.

Son nominais, as que se verifiquen lendo o secretario a lista de concelleiros para que cadaquén, ao ser nomeado, diga "*si ou non*" segundo os termos da votación.

En todo caso, os concelleiros poderán interesarse do secretario que se faga constar expresamente na acta o senso en que aqueles emitiron o seu voto.

Artigo 30.

O voto pode emitirse en senso afirmativo ou negativo, e os concelleiros poden absterse de votar.

Artigo 31.

Antes de comezar a votación o presidente formulará clara e concisamente os termos sobre os que versará esta.

Inmediatamente despois de concluír, o secretario computará os sufraxios emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o alcalde proclamará o acordo adoptado.

En caso de empate, procederase na mesma sesión a unha segunda votación, e se o empate persistise, decidirá o voto de calidade da presidencia.

Título IV. DA MOCIÓN DE CENSURA.

Artigo 32.

O alcalde pode ser destituído do seu cargo mediante unha moción de censura que será adoptada pola maioría absoluta do número legal de concelleiros.

A moción debe ser subscribida, polo menos, pola terceira parte dos concelleiros e debe incluír o nome do candidato proposto para alcalde, quen quedará proclamado como tal en caso de prosperar a moción.

Ningún concelleiro pode subscribir durante o seu mandado máis dunha moción de censura.

Para os efectos que se prevén neste artigo, todos os concelleiros poden ser candidatos.

Artigo 33.

O alcalde deberá de admitir a moción e tramitala segundo o que se establece para a celebración das sesións extraordinarias.

O procedemento a seguir para o desenvolvemento da sesión será o seguinte:

- a) O debate iniciarase coa defensa da moción de censura por parte do portavoz designado polos asinantes daquela, e poden intervir a continuación o candidato proposto para alcalde coa finalidade de que expoña o seu programa de actividade municipal a desenvolver.
- b) Seguidamente, poderán tomar a palabra os representantes previamente designados polos grupos ou os concelleiros que non se adheriran coa súa sinatura á moción de censura.
- c) O alcalde sometido a censura poderá, se así o estima, facer uso da palabra para defender a actuación que ata entón seguiu e fixar a súa posición para continuar no cargo.
- d) Unha vez concluído o debate, a moción someterase a votación e para a súa aprobación necesitarase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que integran a Corporación.

Título V. XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Artigo 34.

A Xunta de Goberno Local está integrada polo alcalde, quen a preside, e 5 concelleiros designados libremente por el, podendo separalos tamén libremente en calquera momento.

Artigo 35.

A Xunta de Goberno Local exercerá as seguintes funcións:

- a) Asesorar ao alcalde, no exercicio das súas atribucións de cantos asuntos requiran, a xuízo daquel, un maior coñecemento e exame para a súa resolución.
- b) Exercer as competencias que lle deleguen o alcalde ou o Pleno (este por maioría absoluta), segundo os **artigos 43 e 51 do Regulamento de organización e funcionamento.**

Artigo 36.

A Xunta de Goberno Local celebrará a sesión ordinaria todas as semanas, no día e hora en que mediante decreto se fixe polo alcalde.

Todo o referente á convocatoria, orde e dirección das sesións estará disposto nos artigos referidos ás sesións do Pleno.

Artigo 37.

En ningún caso serán públicas as sesións da Xunta de Goberno Local. Non obstante, expoñerase no taboleiro de anuncios unha copia dos acordos adoptados, que se remitirán a todos os concelleiros no prazo de 5 días.

Ás sesións asistirá o secretario, ou quen legalmente o substitúa, coa fin de dar fe de cantas deliberacións e votacións se produzan.

Título VI. DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Artigo 38.

Segundo o que se prevé no **artigo 20.1 da Lei reguladora das bases do réxime local** o Concello, en uso da súa potestade de autoorganización que se recoñece no **artigo 4.1 a)** da mesma lei, crea como órganos complementarios as seguintes comisións informativas:

- 1 Comisións informativa de asuntos do pleno.
- 2 Comisións informativa de educación e cultura.

Non obstante, o Pleno poderá constituír, se o considerase conveniente, a proposta do alcalde, calquer outra comisión.

Artigo 39.

As comisións non terán atribucións resolutorias, e os seus informes, que serán preceptivos, non terán carácter vinculante.

As comisións estarán integradas de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade que existe entre os distintos grupos políticos que se representan na Corporación.

Cada grupo designará, nun escrito dirixido ao alcalde, o nome ou nomes dos seus representantes en cada comisión.

Artigo 40.

O alcalde é o presidente nato de todas as comisións que se formen, pero actúa como presidente efectivo o concelleiro que no seu caso designe para cada unha.

As comisións reuniranse, como mínimo, unha vez por trimestre, sen prexuízo de que pola urxencia dos asuntos ou a celebración de sesións extraordinarias o seu presidente efectivo considere que esta deba reunirse mediante unha convocatoria que se efectuará con 48 horas de antelación.

Artigo 41.

As comisións informativas poderán recabar a presenza, nas reunións que celebren, do persoal que consideren oportuno de entre os funcionarios que, baixo calquera concepto, figuren dentro do pertencente á Corporación, coa fin de oír o seu parecer en relación co asunto que a comisión teña que dictaminar.

Título VII. DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Artigo 42.

A comisión especial de contas, segundo o **artigo 116 da Lei 7/85 de 2 de abril**, reguladora das **bases de réxime local**, estará constituída polos membros que designen os distintos grupos políticos, respectando a proporcionalidade que se establece para a constitución das comisións informativas.

O nomeamento farao o alcalde a proposta do portavoz dos respectivos grupos municipais, dando conta ao Pleno.

Artigo 43.

É competencia da comisión especial de contas o exame, estudo e informe, mediante a emisión do correspondente dictame das contas anuais seguintes:

- a) Conta xeral do orzamento
- b) Conta de administración do patrimonio
- c) Conta de valores auxiliares e independentes

Artigo 44.

Unha vez rendidas, por parte da alcaldía, as contas xerais do orzamento e da administración do patrimonio, someteranse antes do 1 de xuño de cada exercicio económico á comisión especial de contas, para que esta poida examinalas, xuntamente cos seus xustificantes e antecedentes.

Unha vez examinadas pola comisión as contas e a documentación precisa someteranse a información pública por termo de 30 días, mediante anuncios que serán publicados regulamentariamente, coa fin de que poidan presentarse polos particulares as posibles reclamacións ou reparos.

A comisión, unha vez estudadas as reclamacións ou reparos que se formulan, emitirá un informe sobre estas e elevará o expediente ao Pleno municipal coa fin de que as contas poidan ser definitivamente aprobadas.

Título VIII. DO ALCALDE.

Artigo 45.

O alcalde é o presidente da corporación municipal, ostenta as atribucións e exerce as competencias que lle están recoñecidas no **art. 21 da Lei reguladora das bases do réxime local e no art. 41 do Regulamento da organización e funcionamento.**

Segundo o que se dispón no precepto antes citado, e en relación co que se establece no **art. 23.4 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local**, o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e todo iso, sen prexuízo das delegacións especiais a que se refiren os artigos seguintes.

Artigo 46.

O alcalde poderá facer delegacións para cometidos específicos en calquera concelleiro.

As delegacións para cometidos específicos poderán abarcar o exercicio das competencias correspondentes a un determinado proxecto.

Así mesmo, poderá realizar delegacións de cometidos específicos para a xestión de determinados tipos de asuntos.

Igualmente, poderá realizar as delegacións referidas nos dous parágrafos anteriores, pero circunscritas a unha parroquia ou grupo de parroquias do termo municipal.

Artigo 47.

O alcalde poderá delegar nos concelleiros o exercicio das atribucións propias, excepto as que se mencionan nos **artigos**

21.3 e 71 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Artigo 48.

Todas as delegacións realizaranse mediante un decreto do alcalde que incluíra o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, e as facultades que se deleguen.

De todas as delegacións darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

Título IX. TENENTES DE ALCALDE.

Artigo 49.

Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local, e o número daqueles non poderá exceder do número de membros desta.

O nomeamento efectuarase mediante un decreto que se publicará no **BOP da Provincia** e do que se dará conta ao Pleno, establecéndose na citada resolución a orde de prelación para substituír ao alcalde nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 50.

Nos supostos de substitución do alcalde por ausencia ou enfermidade, o tenente de alcalde que asuma as súas funcións non poderá, en ningún caso, revogar as delegacións que tivera outorgado aquel en virtude do que se dispón nos **artigos 46 e 47** deste **regulamento**.

Título X. ESTATUTO PERSOAL DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Artigo 51.

Os membros da corporación municipal gozarán, unha vez tomada posesión do seu cargo, dos honores, prerrogativas e distincións propias deste e que se establezan por lei, e estarán obrigados ao cumprimento estricto dos deberes e obrigas inherentes ao cargo que ostentan.

Artigo 52.

Son dereitos dos concelleiros:

- a) Exercer o cargo.
- b) Asistir ás sesións do órgano a que pertenza.
- c) Coñecer, coa antelación legal establecida, os asuntos incluídos na orden do día e que se someterán a debate nela, sexan cales sexan os órganos municipais de que se trate.
- d) Ter á súa disposición, para examinalos, os expedientes, documentos e libros que puidesen ter relación cos asuntos que se ten previsto debater nas sesións que celebre o Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.

- e) Solicitar, mediante sinatura, a petición da convocatoria para celebrar a sesión extraordinaria, nos termos que establece o **artigo 10.1 deste regulamento**.
- f) Presentar emendas aos dictames emitidos polas distintas comisións informativas.
- g) Presentar rogos, preguntas e interpelacións nos termos que se establecen neste **regulamento**.
- h) Participar na elección do alcalde nos termos que se establecen na **Lei orgánica 5/85 do réxime electoral**.
- i) Aquel outros dereitos recoñecidos por lei.

Artigo 53.

Son obrigacións dos concelleiros:

- a) Asistir a cantas sesións, de calquera órgano, sexa convocado.
- b) Cumprir este **regulamento**, respectar a orde e cortesía corporativa e non divulgar as actuacións que excepcionalmente teñan o carácter de secretas.
- c) Emitir o seu voto, cando fose necesario, para a elección do alcalde.
- d) Formular a declaración dos seus bens e das actividades privadas que lles proporcionen ingresos económicos.

Artigo 54.

Todos os concelleiros teñen dereito a obter o acceso aos datos, informacións e antecedentes que se encontren en calquera dependencia municipal e que consideren necesario o seu coñecemento para desenvolver a súa función.

Para a súa obtención, haberán de dirixirse por escrito á alcaldía.

Se o alcalde denegase o acceso á documentación, a súa recusación terá que ser motivada e contra esta caberá recurso de reposición antes do contencioso-administrativo.

Artigo 55.

En ningún caso os expedientes, documentación ou libros poderán ser extraídos da casa consistorial.

O exame dos expedientes que sexán sometidos a debate na sesión correspondente, e que está regulamentariamente establecido, efectuarase no lugar, oficina ou dependencia municipal que se encontren, a partir da convocatoria da sesión correspondente.

Artigo 56.

Segundo o **artigo 75.1 da Lei 7/85 e ao artigo 13 do Regulamento de organización**, os membros da Corporación que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a percibir retribucións e a que os dean de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

O Pleno, a proposta do alcalde, determinará o número e relación de cargos que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva.

Artigo 57.

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva, percibirán as indemnizacións que aprobe o Pleno e que se recoñecerán en función do exercicio do cargo, a asistencia efectiva ao despacho, ás sesións, ás reunións, etc.

Serán, así mesmo, obxecto de indemnización os gastos que se deriven directamente do exercicio do cargo en concepto de dietas, gastos de locomoción, etc. cuxa contía e dentro dos límites fixados, con carácter xeral, que sinala a Corporación.

Artigo 58.

Segundo o **artigo 54 da Lei de bases do réxime local**, o Concello responderá directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos, como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

Artigo 59.

Así mesmo, e segundo o establecido no **art. 78 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local**, son responsables dos acordos que o Concello adoptará, aqueles membros que os votasen favorablemente e que puidesen ser esixibles como suxeitos a responsabilidade civil e penal, segundo o resultado que de tales acordos se derivasen polos actos e omisións en que incorresen no exercicio dos seus cargos.

Artigo 60.

A Corporación poderá esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dó ou negligencia grave causasen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

Título XI. REXISTRO DE INTERESES.

Artigo 61.

Segundo o que se dispón no **artigo 75.7 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 30, 31 e 32 do ROF**, créanse os rexistros de intereses de actividades e de bens patrimoniais, os cales terán carácter público.

Todos os concelleiros formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou podan proporcionar ingresos económicos e declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo que se inscribirán nos ditos rexistros. Así mesmo,

incorporaranse as liquidacións dos impostos de renda, patrimonio e sociedades no seu caso.

As declaracións e a súa correspondente ficha-resumo, efectuadas nos modelos aprobados polo Pleno, levaranse a cabo con anterioridade á toma de posesión, anualmente, con ocasión do cese ou ao remate do mandado, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito, en cuxo caso deberá facerse no prazo de 1 mes.

Artigo 62.

As declaracións de bens e de actividades citadas no artigo anterior expóranse ao público mediante anuncio no **BOP da provincia de Lugo**, que tamén será publicado na web municipal, con referencia expresa ao cumprimento da obriga da súa presentación por parte dos concelleiros; así mesmo, na web municipal, publicarase unha ficha-resumo do contido das ditas declaracións, segundo o modelo que tamén haberá de ser aprobado polo Pleno.

Artigo. 63.

Os ditos rexistros levaranse baixo a custodia e dirección da secretaría municipal, e o acceso a estes será libre por parte de todos os cidadáns, unha vez solicitada, por escrito e individualmente, a petición dos documentos que se desexe consultar.

Título XII. DAS ACTAS.

Artigo 64.

A acta é un documento público e solemne no que se recollen os acordos adoptados polos órganos deste Concello.

De cada sesión que se celebre o secretario estenderá unha acta na que fará constar:

- a) Lugar de reunión.
- b) Día, mes e ano.
- c) Hora de comezo e finalización.
- d) Nome do presidente, e dos membros da Corporación que asisten, dos que se escusan e dos que non asisten nin escusan a súa asistencia, así como do secretario ou quen legalmente o substitúa.
- e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se esta se celebra en primeira ou en segunda convocatoria.
- f) Asuntos que se examinen, opinións sintetizadas dos membros que interviñeran nas deliberacións e incidencias destas.
- g) Votacións que se verifiquen, e no caso das nominais o sentido en que cada membro emita o seu voto.
- h) Parte dispositiva do acordo.
- i) Cantos incidentes se produzan durante a celebración da sesión, serán reseñados polo secretario, sempre que, a xuízo do

alcalde, merezan ser recollidos na acta. Se por parte dalgún concelleiro, algunha incidencia relevante ten importancia para ser incorporada á acta, poderá facer constar a súa petición, e en caso de que non se acceda, a súa protesta será incluída na acta.

Artigo 65.

As actas do Pleno, da Xunta de Goberno Local e de cada unha das comisións transcribíranse en libros distintos.

Artigo 66.

Ao abeiro do que se dispón no **artigo 199 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais**, este Concello adopta o sistema de medios mecánicos, utilizando para iso as follas móbiles timbradas e numeradas polo Goberno da Comunidade Autónoma aprobado polo **Decreto 85/87**.

Artigo 67.

As actas, unha vez aprobadas e transcritas na forma que se expresa no artigo anterior, serán autorizadas coas sinaturas do alcalde e do secretario.

Artigo 68.

Segundo o que se dispón no **artigo 70.3 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local**, todos os concelleiros, teñen dereito a obter copias e certificacións dos acordos adoptados pola Corporación e que consten no correspondente Libro de Actas.

Artigo 69.

Os acordos que adopten os órganos municipais publicaranse no taboleiro de anuncios da casa consistorial e serán notificados na forma prevista pola lei.

O orzamentos municipal e as ordenanzas locais, unha vez aprobados inicialmente, expoñeranse e someteranse a información pública para os efectos de reclamacións e suxestións, nos prazos legalmente establecidos.

Artigo 70.

Segundo o que se dispón no **artigo 51 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local**, os actos e acordos deste Concello son inmediatamente executivos, salvo naqueles casos en que a disposición legal estableza o contrario ou cando se suspenda a súa eficacia, segundo a lei.

A executividade dos acordos ou as resolucións que deles se deriven, realizaranse dentro dos 10 días seguintes á súa adopción, salvo que existan outros preceptos legais que, derivados da lexislación que nas súas respectivas esferas poida dictar o estado ou a Xunta, sinalen prazos distintos.

Título XIII.MODIFICACIÓN,REVISIÓN OU DERROGACIÓN DO REGULAMENTO.

Artigo 71.

O presente **regulamento** poderá ser obxecto de modificación, revisión, ou derogación, no seu caso, en calquera momento, sempre que así sexa acordado por maioría absoluta dos membros que integran a Corporación.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

O presente regulamento, cuxa redacción definitiva se aprobou polo pleno na sesión extraordinaria do 28/03/2011, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP da provincia (15/07/2011), e será de aplicación a partir dese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación, revisión ou derogación expresas.